

EXPOSICIÓN DE DEBUXO E PINTURA 150 ANIVERSARIO DA FACULTADE DE FARMACIA

Ven sendo moi concorrida a exposición das obras presentadas ao Certame de Debuxo e Pintura que con motivo do 150 Aniversario da creación da Facultade de Farmacia convocou a Comisión organizadora de tales actos co patrocinio de Alcaliber, S. A.

Dita exposición mantense aberta na Sala de Exposición do Hotel Meliá Araganey ata o vindeiro martes día 20, de 17 a 21 horas.

De seguido a exposición trasladarase a Lugo onde as obras expóranse na Escola de Estudos Empresariais dende o 21 ata o 30 de novembro.

O fallo do Xurado dos premios, está previsto que se de a coñecer en Lugo o día 29 as 13.00 horas así como na paxina web do 150 aniversario.



